

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

ANO:

2016

TÍTULO:

SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL.

SITUACIÓN:

BALTAR - ADINA - (SANXENXO)

ORGANISMO CONTRATANTE:

TERRA DE SANXENXO

ENXEÑEIRO TÉCN. MUNICIPAL:

JOSÉ M^a TRONCOSO VIÑAS

ORZAMENTO:

33.206,83 €/ano, sen IVE

DATA:

OUTUBRO 2016



**PREGO DE
PRESCRICIÓN
TÉCNICAS**

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓN S DA PISCINA MUNICIPAL.

INDICE

1. ANTECEDENTES
2. OBXECTO
3. SUBMINISTRACIÓN DE GAS CANALIZADO.
4. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO GAS NATURAL A SUBMINISTRAR
5. NORMAS E REGULAMENTACIÓN S
6. ORZAMENTO DO CONTRATO
7. DURACIÓN DO CONTRATO

1. ANTECEDENTES.

Na actualidade a Piscina Municipal de Sanxenxo está abastecida para as súas necesidades enerxéticas con gas natural canalizado.

Por iso faise necesario a contratación da subministración de enerxía útil mediante gas natural canalizado ás instalacións existentes na Piscina Municipal, co que se conseguirá unha óptima relación rendemento enerxético/impacto medioambiental.

2. OBXECTO.

É obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas, a adxudicación da subministración de gas natural canalizado ás instalacións da Piscina Municipal de Sanxenxo.

3. SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL CANALIZADO.

Para a subministración de gas natural canalizado ás instalacións vinculadas ao presente Prego, o adxudicatario deberá ser un **comercializador autorizado** e cumprir a totalidade da normativa vixente ao respecto.

A tal efecto o adxudicatario deberá aportar a documentación necesaria que o acredite como comercializador autorizado de gas natural canalizado.

4. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO GAS NATURAL A SUBMINISTRAR.

COMPOSICIÓN XERAL

O gas natural é unha mestura de hidrocarburos lixeiros formado principalmente por metano, aínda que tamén adoita conter unha proporción variable de nitróxeno, etano, CO₂, H₂O, butano, propano, mercaptanos e trazas de hidrocarburos máis pesados. O metano (CH₄) pode constituír ata o 97% do gas natural.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

O gas natural consúmese tal e como se atopa na natureza. Dende que se extrae ata que chega aos puntos de consumo, o gas natural non pasa por ningún proceso de transformación.

A estrutura molecular máis simple do gas natural facilita que se queime limpamente, por iso a súa combustión non produce partículas sólidas nin xofre.

O gas natural é unha das fontes de enerxía fósil máis limpa xa que é a que emite menos gases contaminantes (SO₂, CO₂, NO_x e CH₄) por unidade de enerxía producida

No seu estado natural, o gas natural é inodoro, incoloro e insípido, con todo para advertir a súa presenza en caso de fuga adminístraselle un odorífico (mercaptanos) que lle dá un cheiro característico.

Require de ignición para a súa combustión. A súa densidade relativa faíno máis lixeiro que o aire polo que as fugas ou emisións disípanse rapidamente nas capas superiores da atmosfera dificultando a formación de mesturas explosivas no aire.

É un gas eficiente dende o punto de vista enerxético, abundante e non é corrosivo.

PROPIEDADES FÍSICAS E QUÍMICAS XERAIS

Fórmula molecular	CH ₄
Peso molecular	18,2
Temperatura de ebulición a 1 atmosfera	-160,0 °C
Temperatura de fusión	-180,0 °C
Densidade dos vapores (Aire=1) a 15,5	0,61
Densidade do líquido (Auga=1) a 0 ° / 4 ° C	0,554
Relación de expansión	1 litro de líquido convertese en 600 litros de gas
Solubilidade en auga a 20 °C	Lixeiramente soluble (de 0,1 a 1,0%)
Aparencia e color	Incoloro, insípido e con lixeiro cheiro característico
Clasificación	Gas de segunda familia
PCS mínimo	9.000 kcal/m ³ (N)

5. NORMAS E REGULAMENTACIÓNS.

Para a subministración do gas natural as instalacións de referencia deberanse cumprir as seguintes normas e regulamentacións:

- Real Decreto 919/2006, de 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Técnico de distribución y utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11.
- Lei 34/1998, de 7 de outubro do Sector Hidrocarburos, e as súas posteriores modificacións.
- Real Decreto 1434/2002, de 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Normas UNE de aplicación.
- Normas Particulares da empresa subministradora de gas natural.

6. ORZAMENTO DO CONTRATO.

O orzamento de licitación é estimado, o cal pode variar dado que o consumo de gas natural canalizado pode variar dependendo de factores externos (aumento da demanda das instalacións, condicións climatolóxicas externas, etc).

ORZAMENTO ESTIMADO:

Datos de partida para o cálculo do orzamento: O cálculo do orzamento basease nos datos de enerxía térmica útil (MWh) durante ano 2015, necesaria para a produción de enerxía térmica útil na Piscina Municipal.

Consumo de enerxía térmica útil no ano 2015: 604,31 MWh.

Prezo unitario medio (€/MWh) da enerxía útil subministrada por medio de gas natural no ano 2015: 54,95 €/MWh.

ORZAMENTO ESTIMADO: 604,31 MWh/ano x 54,95 €/MWh = 33.206,83 €/ano, SEN IVE.

Este consumo de enerxía útil anual necesaria, poderá aumentar ou diminuír dependendo de factores variables e imponderables, como por exemplo a demanda das

instalacións, as condicións climatolóxicas externas, etc., facturándose mensualmente dito consumo segundo medición real de contador de enerxía útil homologado e colocado na instalación, sen que exista ningunha obrigatoriedade, por parte da Administración contratante, de abonar ao adxudicatario un consumo mínimo.

7. DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato será de **DOUS (2) anos**, coa posibilidade de dúas prórrogas de **UN (1) ANO** cada unha delas.

Sanxenxo, outubro de 2016.

Enxeñeiro Técnico Municipal



Asdo: José María Troncoso Viñas